



CONVOCATORIA DE MOBILIDADE PARA PERSOAL SAÍNTE - PROGRAMA ERASMUS+ KA107, Mobilidade entre países do Programa e países asociados Curso 2018/2019

BASES DA CONVOCATORIA

A EASD Mestre Mateo fai pública a presente convocatoria de axudas para a Mobilidade de Persoal Docente correspondente ao curso 2018/2019, no marco do programa Erasmus+ KA107 para países asociados.

Este programa desenvólvese grazas á aprobación por parte da Comisión Europea das Mobilidades de estudantes e persoal entre países do programa e países asociados polo *Servicio Español para la Internacionalización de la Educación (SEPIE)* ao Consorcio de Artes.

OBXECTIVO

O obxectivo da presente convocatoria é a selección de beneficiarios de **1 axuda de mobilidade para persoal docente** destinadas a financiar estadias durante o curso 2018/2019 en **países Asociados veciños da UE** para profesorado de Graos ou Ciclos superiores que se imparten no centro.

As mobilidades agora convocadas xestiónanse dentro do **Consorcio CARTES** integrado polos seguintes socios:

- EASD Antonio Faílde de Ourense
- Escola Superior de Arte Dramática de Galicia
- IES Audiovisual de Vigo
- Conservatorio Superior de Música de Vigo
- Universidad de Vigo
- Escuela Superior de Conservación y Restauración de Bienes Culturales de Galicia de Pontevedra
- Escola de Arte e Superior de Deseño Ramón Falcón de Lugo
- Escuela de Arte y Superior de Deseño Pablo Picasso de A Coruña
- CIFP Imaxe e Son de A Coruña
- Escuela de Arte y Superior de Deseño Mestre Mateo de Santiago
- Escuela Superior de Arte del Principado de Asturias de Avilés
- Escuela de Arte de Oviedo
- IES Puerta Bonita de Madrid
- Escuela de Arte La Palma de Madrid



Erasmus+

- Escuela Superior Conservacion y Restauracion Bienes Culturales de Madrid
- Escola Superior de Disseny i d'Arts Plàstiques de Barcelona
- Escuela de Arte de Pamplona
- Escuela de Arte y Superior de Diseño de Corella
- Escuela de Arte y Superior de Diseño y de Conservación y Restauración de Bienes Culturales de Burgos
- IES Néstor Almeyda de Sevilla
- Universidad de Sevilla
- Real Conservatorio Superior de Música "Victoria Eugenia" de

CENTRO DE DESTINO E DURACIÓN

A universidade de destino é

- **University of Arts, (Tirana, Albania)**

Hai unha praza dispoñibles. A mobilidade terá una duración de **7 días (5 de estadía máis dous de viaxe)**, e se desenvolverá entre os días **3 e 7 de Decembro de 2018** (máis 2 días de viaxe).

REQUISITOS DA CONVOCATORIA

Son elixibles todas as profesoras e profesores que impartan estudos na Escola (tanto graos coma ciclos superiores) durante o curso 2018/2019.

AXUDA ECONÓMICA

As persoas participantes na mobilidade recibirán unha axuda económica para sufragar os costes de estancia e manutención durante o período de mobilidade, así como unha axuda económica para sufragar os costes de viaxe, segundo se especifica a continuación:

- Gastos de estancia e manutención: 180€/día
- Gastos de desprazamento: se calcula a partires da distancia entre o lugar de saída e destino, tal como se presenta na seguinte táboa:

DESTINO	DISTANCIAS	Importe
Albania (Tirana) – 2335,31 km	2.000-2.999 km	360 Euros



PROCEDIMENTO DE SOLICITUDE

As solicitudes admitiranse por rigorosa orde de recepción. As persoas solicitantes deberán presentar os seguintes documentos debidamente cumprimentados, datados e firmados, na Secretaría da Escola, en papel, antes de que finalice o prazo de presentación establecido nesta convocatoria:

- Impreso de solicitude (Anexo I)
- Declaración de capacidade do manexo no idioma do país de destino ou no idioma de traballo (Anexo II)
- Certificacións oficiais de idiomas.
- Certificados de participación en mobilidades e proxectos europeos (Anexo III)
- Plan de traballo (Anexo IV)

ADXUDICACIÓN DAS AXUDAS

As solicitudes presentadas valoraranse aplicando o criterio principal de orde de presentación. No caso de que varias solicitudes entren en conflito, baremarase do seguinte xeito:

- Certificacións de idiomas: máximo= 5 puntos. Conforme á seguinte táboa:

Idioma na Institución de destino solicitada ou idioma de traballo				
A1, A2	B1	B2	C1	C2
0,5	1	1,5	2	2,5
Outro idioma estranxeiro:				
A2	B1	B2	C1	C2
0,25	0,5	0,75	1	1,25

- Participación noutros proxectos (mobilidade e outros proxectos europeos): máx.= 4 puntos (0,25 puntos por cada certificado)
- Valorarase especialmente a proposta no plan de traballo de visitas e contactos con institucións que impartan estudos similares aos da EASD Mestre Mateo. Máximo= 0,5 puntos
- Asimesmo, valorarase a representatividade dos diferentes sectores da actividade académica con respecto aos estudos impartidos na institución de destino. Máximo = 0,5 puntos.

As persoas solicitantes, una vez baremadas, pasarán a formar parte dunha lista de seleccionados ordeada de maior a menor puntuación.

Serán adxudicatarias dunha beca de mobilidade as persoas integrantes da lista de seleccionados por orde de puntuación ata que se agote a partida presupuestaria das mobilidades convocadas.

RENUNCIAS

A renuncia a unha axuda de mobilidade xa adxudicada presentarase por escrito á coordinadora Erasmus da Escola no prazo de 5 días dende a resolución da convocatoria.

PRAZOS

Presentación de solicitudes: Martes 13 de Novembro de 2018

Resolución e lista de seleccionados: Xoves 15 de Novembro de 2018



Alegacións: Venres 16 de Novembro de 2018 ata as 12.30 horas.

Resolución e lista de adxudicación definitiva: será publicada o venres 16 de Novembro a partir das 13:00 horas.

Renuncia: máximo 5 días despois da publicación da lista definitiva de persoas seleccionadas.

TRÁMITES ANTES DE COMEZAR A ESTADÍA

A persoa adxudicataria aportará todos os datos e información necesarios para xestionar a documentación requirida polo Servicio Español para a Internacionalización da Educación (SEPIE), utilizando para isto o aplicativo web proporcionado polo Consorcio de Artes en tempo e forma.

Asimesmo deberán realizar todos os trámites necesarios para asegurarse a cobertura sanitaria durante a súa estancia e suscribirán unha póliza que cubra accidentes e responsabilidade civil durante a estadía no país de destino.

TRÁMITES DURANTE A ESTADÍA

A persoa adxudicataria debe comunicar á coordinación Erasmus da Escola a súa incorporación ao centro de destino.

Asimesmo deberá comunicar á coordinación Erasmus da Escola calquera incidencia ou cambio nas datas ou no plan de mobilidade acordado no Acordo á maior brevidade posible.

TRÁMITES AO FINALIZAR A ESTADÍA

A persoa adxudicataria debe entregar á coordinación Erasmus da Escola un certificado de cumprimento da estadía según modelo normalizado, con data e sinatura polo responsable de control de mobilidade da institución de destino. A data de certificación deberá ser igual ou posterior á data de finalización da estadía. Non se admitirán certificados con data anterior á finalización do período de mobilidade.

Asimesmo, deberán entregar á coordinación Erasmus da escola un informe/dossier das actividades desenvolvidas durante a súa estadía.

Asemade, deberán dar a máxima difusión ás actividades realizadas durante á súa estadía por medio das redes sociais da Escola.

En Santiago de Compostela, o 5 de Novembro de 2018



ANEXO I

IMPRESO DE SOLICITUDE

TIPO DE MOBILIDADE (pódense solicitar unha ou varias mobilidades indicando a orde cun número do 1 ao 3, en orde descendente e entendendo que o 1 é o preferido)	
ORDE DE PREFERENCIA (MÁX= 1, MIN=3)	DESTINO ELEXIDO
Nº:	The University of Jordan (Amman, Xordania) Facultade de Artes
Nº:	Al-Balqa Applied University (Al-Salt, Xordania)
Nº	University of Arts (Tirana, Albania)

IDENTIFICACIÓN DA PERSOA QUE SOLICITA	
Nome	
Apelidos	
Data de nacemento (dd/mm/aaaa)	
Xénero	
Dirección postal	
Correo electrónico	
Teléfono	
Datas elixidas para realizar a mobilidade	
Nacionalidade	



ANEXO II

Declaración de capacidade de manexo no idioma do país de destino ou no idioma de traballo

A persoa solicitante da axuda, D/Dña.

.....

Declaro ter manexo suficiente do idioma do país de destino solicitado.

D/Dña., solicitante.

En Santiago de Compostela, o de de 2017



ANEXO III

Relación de certificados de participación en mobilidades ou proxectos Europeos

Certificado	Puntos
1-	
2-	
3-	
4-	
5-	
6-	
7-	
8-	
9-	
10-	
11-	
12-	
13-	
14-	
15-	
16-	
17-	
18-	
19-	
20-	



ANEXO IV
Working Plan

Full Name:	
Mobility:	
Estimated date:	
Short description of the activity:	